

Fondos bibliográficos e coleccións

O fondo bibliográfico inclúe máis de 19.500 volumes impresos (obras de referencia, monografías, catálogos de exposicións...) e un importante número de publicacións periódicas nacionais e internacionais, catálogos de poxas, materiais especiais e unha pequena parte de fondo antigo.

As áreas temáticas que comprende a biblioteca son, entre outras, historia da arte galega, española e universal, teoría da arte, técnicas artísticas, restauración e conservación, movementos artísticos, disciplinas artísticas (arquitectura, escultura, debuxo, pintura, artes decorativas, deseño, artes gráficas, fotografía, cinema, etc.), patrimonio cultural, lexislación cultural, museoloxía e museografía, historia e outras materias afíns.



Horario

Atención ao público: luns a venres, de 9.30 h. a 14.30 h.

Acceso

A biblioteca sitúase na **primeira planta** da zona semipública do museo, con entrada independente da entrada principal do museo.

Uso

Poderán acceder aos fondos persoal investigador, especialistas e público en xeral interesado na súa temática, con solicitude previa por unha das seguintes modalidades:

Correo electrónico:

mu.belas.artes.biblioteca@xunta.gal

Teléfono: 881 881 700


Máis información:

<https://museobelasartescoruna.xunta.gal/gl/biblioteca-museo>

BIBLIOTECA do

Museo de Belas

Artes da Coruña





A **Biblioteca do Museo de Belas Artes da Coruña** é unha biblioteca especializada en arte, adscrita á Rede de bibliotecas de Galicia.

Servizos

Consulta na sala

Permite a consulta dos fondos da biblioteca na sala de lectura.

Préstamo interbibliotecario

Xestión da procura e recepción de títulos relacionados coas áreas temáticas da biblioteca procedentes doutras bibliotecas, que se poderan consultar na sala de lectura cando se reciban.

Información bibliográfica e referencia

De forma presencial na biblioteca, por teléfono (881881700), correo postal ou correo electrónico (mu.belas.artes.biblioteca@xunta.gal).

Reprodución de documentos

Permítese con fins de estudo ou investigación persoal, sempre respectando os límites da Lei de Propiedade intelectual.

Quedan exentos de reprodución os fondos anteriores a 1950 ou aqueles en que, polo seu estado de conservación, formato ou características, se desaconselle, materiais especiais e outros documentos, sempre a criterio do persoal da biblioteca.

Catálogo da biblioteca

O catálogo está dispoñible a través de Internet no catálogo da Rede de bibliotecas de Galicia:

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>

(Unha vez que acceda ao catálogo, na opción "Na biblioteca", escriba ou seleccione: A Coruña - Biblioteca do Museo de Belas Artes)

Ademais dos fondos que figuran no catálogo, para a consulta de números concretos de publicacións periódicas, catálogos de poxas e outros materiais, recoméndase contactar directamente coa biblioteca.

Máis información :

<https://museobelasartescoruna.xunta.gal/gl/biblioteca-museo>

